

**Disposición adicional segunda. *Normativa de aplicación.***

No non previsto por este real decreto aplicárase o disposto no texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

**Disposición derradeira primeira. *Título competencial.***

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

**Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.***

Correspóndelle ao ministro de Traballo e Asuntos Sociais ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

**13588 REAL DECRETO 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo. («BOE» 168, do 14-7-2007.)**

De conformidade co artigo 37.1, da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, a finalidade primordial da política de emprego dos traballadores con discapacidade debe ser a súa integración, en condicións que garantan a aplicación do principio de igualdade de trato, no sistema ordinario de traballo ou, na súa falta, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante a fórmula especial de traballo protexido, a través dos centros especiais de emprego. Nos últimos anos, grazas ao firme compromiso e á actuación conxunta das administracións públicas, os interlocutores sociais e o tecido asociativo da discapacidade, despregouse unha relevante actividade normativa, programática e orzamentaria para favorecer o acceso ao emprego das persoas con discapacidade que ofreceu resultados alentadores, reflectidos nunha crecente incorporación de persoas con discapacidade ao mercado de traballo. Esta intensificación das políticas activas de emprego dirixidas aos traballadores con discapacidade débese continuar e ampliar procurando novas fórmulas cuxa prioridade sexa a inserción laboral no mercado de traballo ordinario.

Estas novas fórmulas deben ter en conta a diversidade e pluralidade que caracteriza a poboación con discapacidade, debéndose atender de forma diferente segundo as demandas e necesidades que cada grupo de traballadores con discapacidade presenta. En efecto, dentro do conxunto das persoas con discapacidade, existen grupos que, debido ao tipo de deficiencia concreta que teñen, como por exemplo parálise cerebral ou trastornos do

espectro autista, ou ao seu grao de minusvalidez, topan con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo. Esta realidade exige a adopción de medidas específicas, que se poderían considerar de acción positiva dentro do grupo das persoas con discapacidade, xa que se trata de tratamentos máis intensos e diferenciados para estimular a empregabilidade destes grupos de traballadores con discapacidade que teñen máis dificultades de inserción laboral.

Unha das medidas que pode favorecer de modo máis importante a inserción das persoas con discapacidade severa no mercado de traballo ordinario é o emprego con apoio. Este consiste nun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, preparadores laborais especializados aos traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral que realizan a súa actividade en empresas normalizadas, do mercado ordinario de traballo, en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos similares.

Precisamente pola importancia e transcendencia que ten o emprego con apoio na integración no mercado de traballo ordinario das persoas con discapacidade, o propio Programa Nacional de Reformas de España, aprobado no 13 de outubro de 2005, que constitúe a referencia fundamental da política económica do Goberno español para o período 2005-2010, establece, dentro do sexto eixe de actuación, correspondente ao «Mercado de Traballo e Diálogo Social», como primeira medida para favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade a «Regulación do emprego con apoio, como medida de fomento de emprego das persoas con discapacidade con especiais dificultades para o acceso ao mercado ordinario de traballo».

Así mesmo, o 28 de xuño de 2005 foi aprobada na Comisión de Traballo e Asuntos Sociais do Congreso dos Deputados a proposición non de lei sobre modificación da normativa dos centros especiais de emprego e a regulación do emprego con apoio, na cal se insta o Goberno para que se «adopten as medidas necesarias para regular o emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con especiais dificultades para a inserción laboral».

Por último, a necesidade de regular o emprego con apoio aparecía tamén incluída no acordo asinado o 3 de decembro de 2002 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) sobre medidas para mellorar as oportunidades de emprego das persoas con discapacidade, concretamente no punto III.2, titulado «Facilitar o tránsito ao emprego ordinario».

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación conferida ao Goberno polo artigo 17.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, consonte o cal «o Goberno poderá outorgar subvencións, desgravacións e outras medidas para fomentar o emprego de grupos específicos de traballadores que topen con dificultades especiais para acceder ao emprego», ben como do artigo 26.1 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que habilita o Goberno para establecer programas específicos destinados a fomentar o emprego das persoas con especiais dificultades de integración no mercado de traballo, citando expresamente as persoas con discapacidade.

Á vista destes antecedentes, apróbase este real decreto, cuxo obxecto é a regulación do programa de emprego con apoio como medio de integración laboral das persoas con discapacidade no sistema ordinario de traballo. Para iso defínense as accións que, para os efectos deste real decreto, constitúen un proxecto de emprego con apoio, ben como os destinatarios finais e os seus promotores. Tamén se regula a subvención de custos laborais e de seguranza social derivados da contratación de prepa-

radores laborais que leven a cabo as accións de emprego con apoio.

Dado o proceso de traspasos de xestión ás comunidades autónomas das políticas activas de emprego, este real decreto recolle os aspectos esenciais do programa que serán de aplicación en todo o territorio nacional, con base na competencia do Estado en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polas comunidades autónomas. Neste senso, delimitados nesta norma os contidos esenciais deste programa, posibilitase ás comunidades autónomas e ao Servizo Público de Emprego Estatal, nos seus respectivos ámbitos de xestión, a súa execución posterior mediante a regulación dos aspectos procedementais e da adecuación ás súas peculiaridades organizativas.

A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, na reunión celebrada o 28 de marzo, foi informada deste real decreto. Así mesmo, foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e as comunidades autónomas.

De igual modo, este real decreto foi obxecto de consulta e recibiu o ditame favorable do Pleno do Consello Nacional da Discapacidade celebrado o día 1 de decembro de 2006.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 29 de xuño de 2007,

## DISPÓN O :

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular os contidos comúns do programa de emprego con apoio como medida de integración laboral das persoas con discapacidade no sistema ordinario de traballo, en cumprimento do disposto en artigo 37.1 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.

### Artigo 2. *Definición de emprego con apoio.*

1. Enténdese por emprego con apoio o conxunto de accións de orientación e acompañamento individualizado no posto de traballo, prestadas por preparadores laborais especializados, que teñen por obxecto facilitar a adaptación social e laboral de traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos equivalentes.

2. As accións de emprego con apoio desenvólvense no marco de proxectos de emprego con apoio, nos cales se deberán incluír, polo menos, as seguintes accións:

a) Orientación, asesoramento e acompañamento da persoa con discapacidade, elaborando para cada traballador un programa de adaptación ao posto de traballo.

b) Labores de achegamento e mutua axuda entre o traballador beneficiario do programa de emprego con apoio, o empregador e o persoal da empresa que compartan tarefas co traballador con discapacidade.

c) Apoio ao traballador no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias, de modo que se poida relacionar co ámbito laboral nas mellores condicións.

d) Adestramento específico do traballador con discapacidade nas tarefas inherentes ao posto de traballo.

e) Seguimento do traballador e avaliación do proceso de inserción no posto de traballo. Estas accións terán por obxecto a detección de necesidades e a prevención de posibles obstáculos, tanto para o traballador

como para a empresa que o contrata, que poñan en perigo o obxectivo de inserción e permanencia no emprego.

f) Asesoramento e información á empresa sobre as necesidades e procesos de adaptación do posto de traballo.

### Artigo 3. *Destinatarios finais.*

1. Os destinatarios finais do programa de emprego con apoio serán traballadores con discapacidade inscritos nos servizos públicos de Emprego como demandantes de emprego non ocupados, ben como traballadores con discapacidade contratados por centros especiais de emprego, sempre que, en ambos os casos, se encontren nalgún dos supostos que se describen a seguir:

a) Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33%.

b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65%.

2. Os traballadores deberán ser contratados por unha empresa do mercado ordinario de traballo para seren empregados efectivamente na organización produtiva da empresa mediante un contrato indefinido ou de duración determinada, sempre que a duración do contrato sexa, neste caso, como mínimo de seis meses. No suposto de contratación a tempo parcial, a xornada de traballo será polo menos do 50 por 100 da xornada dun traballador a tempo completo comparable.

Estas empresas terán dereito aos beneficios previstos na normativa sobre contratación de traballadores con discapacidade nos termos establecidos nela.

3. En caso de que o traballador con discapacidade contratado procedese do cadro de persoal dun centro especial de emprego, pasará á situación de excedencia voluntaria nese centro nas condicións que establecen o artigo 46.2 e 5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e, se for o caso, o convenio colectivo de aplicación.

### Artigo 4. *Promotores de proxectos de emprego con apoio e beneficiarios das subvencións.*

Poderán promover proxectos de emprego con apoio, e ser beneficiarias das correspondentes subvencións reguladas neste real decreto, as seguintes entidades:

1. As asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro que subscriban o correspondente convenio de colaboración coa empresa que vai contratar os traballadores con discapacidade aos cales se lles vai prestar o emprego con apoio e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter por obxecto social, entre outros, a inserción laboral ou a creación de emprego a favor de persoas con discapacidade.

b) Contar no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 7 ou comprometerse a incorporalos, ben como dispor dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

c) Ter experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de integración laboral de persoas con discapacidade.

d) Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuíto, sen que caiba o cobramento ou a per-

cepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa por parte de traballadores ou empresarios.

2. Os centros especiais de emprego, cualificados e inscritos como tales no rexistro correspondente, que subscriban un convenio de colaboración coa empresa que vai contratar traballadores con discapacidade procedentes do cadro de persoal do mesmo centro ou doutros centros especiais de emprego. Estes centros especiais de emprego deberán cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

a) Contar no seu cadro de personal con preparadores laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 7 ou comprometerse a incorporalos, ben como dispor dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

b) Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuíto, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa por parte de traballadores ou empresarios.

3. As empresas do mercado ordinario de traballo, incluídos os traballadores autónomos, que contraten os traballadores con discapacidade beneficiarios das citadas accións, sempre que conten no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 7 ou se comprometan a incorporalos, e que dispoñan dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

#### Artigo 5. *Requisitos e duración dos proxectos de emprego con apoio.*

1. Os proxectos de emprego con apoio deberán facer constar, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Identificación da empresa que vai contratar os traballadores con discapacidade que van recibir apoio, ben como o seu compromiso de contratación deses traballadores.

b) Identificación da entidade promotora que vai levar a cabo as accións de emprego con apoio a través dos preparadores laborais que ten contratados ou que vai contratar, caso en que deberá expresar o seu compromiso de contratación.

c) Número de traballadores con discapacidade que van recibir as accións de emprego con apoio, con indicación do tipo de discapacidade e grao de minusvalidez, tipo e duración de contrato que se lles vai formalizar e do centro ou centros de traballo en que van efectuar a prestación laboral, ben como a descrición de cada un dos postos de traballo.

d) Relación dos preparadores laborais que van prestar o apoio aos traballadores con discapacidade con indicación do tipo e duración do contrato de traballo formalizado ou que van formalizar coa entidade promotora do emprego con apoio.

e) Descrición detallada das accións de emprego con apoio que cada preparador vai prestar a cada un dos traballadores con discapacidade que lle corresponda atender, especificando a duración desas accións e a súa distribución temporal prevista.

f) Convenio ou convenios de colaboración a que se refire o artigo 6, no caso de que a entidade promotora sexa distinta da empresa que contrata os traballadores con discapacidade.

2. As accións de emprego con apoio desenvólvense no marco de proxectos de emprego con apoio que, para os efectos deste real decreto, terán unha duración de entre seis meses e un ano, prorrogable até outro ano máis.

Non obstante, no caso de traballadores co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez establecido no artigo 3.1. a), o prazo máximo de dous anos poderase ampliar até seis meses máis, sempre que se detecten situacións de especial dificultade que exixan necesidades específicas de apoio.

#### Artigo 6. *Convenio de colaboración entre a entidade promotora do emprego con apoio e a empresa empregadora.*

As entidades promotoras de emprego con apoio sinaladas nos números 1 e 2 do artigo 4 deberán subscribir un convenio de colaboración coa empresa que vaia contratar o traballador ou traballadores con discapacidade destinatarios do emprego con apoio, co seguinte contido mínimo:

1. Identificación de ambas as partes, facendo constar a denominación social, domicilio e o número de identificación fiscal.

2. Compromiso da entidade promotora de levar a cabo todas as accións de adaptación ao posto de traballo de cada traballador con discapacidade incluídas no proxecto de emprego con apoio, para o cal a empresa tamén se deberá comprometer a permitir e facilitar a tarefa do preparador laboral e favorecer os apoios internos ao longo do proceso de inserción.

3. Compromiso de ambas as partes de que as accións de emprego con apoio se prestarán de forma gratuíta.

#### Artigo 7. *Preparadores laborais.*

1. As accións de emprego con apoio serán levadas a cabo por preparadores laborais, os cales deberán estar en posesión dunha titulación mínima de formación profesional de grao medio ou equivalente e acreditar unha experiencia previa de polo menos un ano en actividades de integración laboral de persoas con discapacidade que os capacite para a realización das funcións propias do seu posto.

2. O tempo de atención a cada traballador con discapacidade non poderá ser inferior á porcentaxe da xornada de traballo dese traballador que se relaciona a seguir:

a) Un terzo no caso de traballadores con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65%.

b) Un quinto no caso de traballadores con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%.

c) Un oitavo no caso de traballadores con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65%.

Cando un mesmo preparador laboral poña atención en máis dun traballador con discapacidade, o tempo de atención conxunto será a suma dos tempos de atención de cada un dos devanditos traballadores. En ningún caso un preparador laboral poderá atender simultaneamente máis de 3, 5 ou 8 traballadores con discapacidade dos grupos a), b) e c) antes sinalados, respectivamente, ou os equivalentes cando os traballadores atendidos pertencen a distintos grupos.

#### Artigo 8. *Subvencións e contía.*

1. As subvencións establecidas neste artigo destinaranse a financiar custos laborais e de seguranza social que se xeren durante o período de desenvolvemento do



proxecto de emprego con apoio, derivados da contratación dos preparadores laborais a que se refire o artigo anterior, polas entidades promotoras de emprego con apoio sinaladas no artigo 4. A contratación poderase realizar tanto durante o desenvolvemento do proxecto como con anterioridade ao seu inicio.

2. A contía das subvencións establécese en función do número de traballadores co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez indicados no artigo 7.2 destinatarios das accións de emprego con apoio, correspondendo:

- a) 6.600 euros anuais por cada traballador incluído na alínea a),
- b) 4.000 euros anuais por cada traballador incluído na alínea b), e
- c) 2.500 euros anuais por cada traballador incluído na alínea c).

Estas subvencións reduciranse proporcionalmente en función da duración do contrato de cada traballador con discapacidade ben como en función da súa xornada no suposto de que o contrato sexa a tempo parcial.

3. Estas subvencións concederanse por períodos máximos dun ano, prorrogables nos termos establecidos no artigo 5.2, logo de solicitude por parte das entidades interesadas indicadas no artigo 4, tramitada de conformidade co procedemento establecido.

Para o cálculo das subvencións dos proxectos de emprego con apoio terase en conta unicamente o período en que cada traballador con discapacidade permaneza contratado e recibindo apoio durante o desenvolvemento do proxecto.

En calquera caso, a concesión das subvencións estará condicionada á existencia de dispoñibilidades orzamentarias para tal fin segundo o consignado anualmente nos orzamentos do Servizo Público de Emprego Estatal.

4. Non se poderán outorgar subvencións conforme o previsto neste real decreto referidas a un mesmo traballador con discapacidade, aínda que correspondan a distintos proxectos de emprego con apoio, por tempo superior a dous anos ou, no suposto de traballadores co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez establecido no artigo 3.1 a), e se se detectan situacións de especial dificultade que exixan necesidades específicas de apoio, por tempo superior a trinta meses.

5. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere os custos laborais e de seguranza social a que se refire o número 1 deste artigo.

6. Estas subvencións son compatibles coas reguladas no Real decreto 469/2006, do 21 de abril, que regula as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, sempre que se cumplan os seguintes requisitos:

- a) Que o centro especial de emprego, tanto a través da unidade de apoio á actividade profesional como do proxecto de emprego con apoio preste as accións de apoio previstas aos traballadores con discapacidade contratados e atendidos en cada programa, coas limitacións en canto ao tempo de atención e número de traballadores a atender establecidas para eses programas.
- b) Que os custos laborais e de seguranza social xerados pola contratación laboral do preparador ou preparadores laborais a que se refiren o número 1 deste artigo e o artigo 4.1 do Real decreto 469/2006, do 21 de abril, se imputen proporcionalmente en función da dedicación á unidade de apoio á actividade profesional ou ao proxecto de emprego con apoio, sempre que a suma total das dúas subvencións non supere eses custos.

#### Artigo 9. *Procedemento de concesión.*

1. O procedemento de concesión das subvencións establecidas neste real decreto, que se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, axustarase ás previsións da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ao establecido neste real decreto e ás normas de procedemento e bases reguladoras que diten as administracións competentes, de acordo co disposto na disposición adicional cuarta desta norma.

2. As solicitudes de subvención presentaranse na forma e prazos que estableza a Administración competente nas correspondentes bases reguladoras e convocatorias.

#### Disposición adicional primeira. *Persoas xordas e con discapacidade auditiva.*

Consideraranse tamén destinatarias finais do programa de emprego con apoio as persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, que para os efectos do tempo mínimo de atención exixido no artigo 7 e das subvencións establecidas no artigo 8, terán a mesma consideración que os traballadores que presentan as circunstancias descritas no artigo 7.2.c).

#### Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable.*

No non regulado neste real decreto entenderase de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Disposición adicional terceira. *Carácter estatal e financiamento.*

1. As subvencións concedidas ao abeiro deste real decreto teñen o carácter de fondos de emprego de ámbito nacional e son competencia do Estado a través do Servizo Público de Emprego Estatal, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

2. O financiamento deste programa efectuarase con cargo aos orzamentos xerais do Estado a través dos créditos especificamente consignados cada ano no orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal.

Cando a xestión deste programa fose traspasada ás comunidades autónomas, os fondos mencionados distribuiranse de conformidade co establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no citado artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro.

#### Disposición adicional cuarta. *Xestión traspasada ás comunidades autónomas.*

1. As comunidades autónomas que asumisen o traspaso da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, o emprego e a formación, ben como dos programas de apoio á creación de emprego, exercerán as funcións que este real decreto atribúe ao mencionado Servizo Público de Emprego Estatal e que lles correspondan segundo o disposto nos reais decretos de traspaso. Esta xestión realizarase baseándose na territorialización das subvencións, conforme o disposto na disposición adicional terceira desta norma e, de acordo co disposto na regra primeira do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, conforme a normativa estatal que regula estas subvencións, en particular segundo o establecido neste real decreto e nas normas de procedemento e bases reguladoras para a

concesión de subvencións que diten as comunidades autónomas para a súa execución en función da súa propia organización.

2. O programa regulado neste real decreto considérase incluído nas relacións de normas reguladoras das subvencións concedidas polo Servizo Público de Emprego Estatal, para os efectos establecidos nos correspondentes reais decretos sobre traspaso ás comunidades autónomas da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, o emprego e a formación, e sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado en materia de cooperativas, cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais e programas de apoio á creación de emprego.

3. O establecido nos números anteriores non será de aplicación nos supostos de programas cuxa xestión estea reservada ao Servizo Público de Emprego Estatal e lle corresponda no exercicio das súas competencias, segundo o disposto no artigo 13 da Lei 56/2003, do 16 de decembro.

Disposición adicional quinta. *Seguimento e avaliación.*

1. Os servizos públicos de Emprego realizarán cantas accións sexan necesarias para o seguimento e avaliación do programa regulado nesta norma, tanto no seu aspecto cualitativo como cuantitativo.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de Emprego das comunidades autónomas informarán periodicamente os seus correspondentes órganos de participación sobre os resultados do programa recollido nesta norma, ben como de calquera asunto relacionado co seu desenvolvemento.

Disposición adicional sexta. *Fornecemento de información.*

1. As comunidades autónomas que asumisen a xestión e control do programa regulado neste real decreto deberán fornecer ao Servizo Público de Emprego Estatal a información precisa para a elaboración da estatística do programa, de forma que quede garantida a súa coordinación e integración co resto da información estatística de ámbito estatal, ben como a información sobre os resultados cualitativos obtidos.

Así mesmo, deberán fornecer ao Servizo Público de Emprego Estatal toda a información e documentación necesarias para o seguimento da execución dos fondos recibidos e dos plans de execución da Estratexia Europea de Emprego e do Programa Nacional de Reformas, ben como as que precise o Servizo Público de Emprego Estatal para atender os requirimentos que lle fagan outros organismos ou entidades nacionais ou internacionais.

2. O intercambio de información efectuarase sempre que sexa posible a través do sistema de información dos servizos públicos de Emprego común, integrado e compatible a que se refire o artigo 8.2.a) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto, ben como para modificar a contía das subven-

cións establecidas nel, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13823** *REAL DECRETO 902/2007, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ao tempo de traballo de traballadores que realizan actividades móbiles de transporte por estrada. («BOE» 171, do 18-7-2007.)*

A Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, inclúe no seu ámbito de aplicación o sector de transportes por estrada. Non obstante esa inclusión, prevalecen sobre as desta directiva as normas específicas establecidas no Regulamento (CE) número 561/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 3821/85/CEE e (CE) n.º 2135/98/CE do Consello e se derroga o Regulamento 3820/85/CEE do Consello, ben como na Directiva 2002/15/CE, do 11 de marzo, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á ordenación do tempo de traballo das persoas que realizan actividades móbiles de transporte por estrada. Pola súa vez, as normas comúns que se establecen no citado regulamento sobre tempo de conducción e tempo de descanso dos condutores prevalecen sobre as contidas na indicada directiva.

España conta xa cunha normativa que ordena especificamente o tempo de traballo no sector do transporte por estrada; trátase do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que se aprobou facendo uso da autorización concedida ao Goberno nos artigos 34.7, 36.1 e 37.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. O Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, establece nos seus artigos 8 e 9 normas que son aplicables con carácter xeral ao sector de transportes, e nos seus artigos 10 a 12 normas que se aplican de modo particular aos transportes por estrada.

Por outro lado, tamén se incorporaron ao ordenamento xurídico as normas que regulan os tempos de conducción e de descanso e o uso do tacógrafo no sector dos transportes por estrada, en aplicación dos regulamentos comunitarios.

Ademais, a indicada normativa contén numerosas remisións á negociación colectiva para a concreción específica de determinados aspectos relativos á ordenación do tempo de traballo; de aí que no noso país exista tamén unha abundante, ben que dispersa, regulación da